

**ECO DE AFASIA**

**RELATO**

28/01/2013

XAIME TOXO

Ollou os tellados e calculou, dende o vehículo en marcha, que a vila que aparecera á dereita, unha vez pasada a curva, nunha ladeira suave que unía a serra co val, non había de ter máis alá de cen casas. A rúa principal, asfaltada a remendos, nacía no cruce coa estrada pola que el circulaba; e a uns catrocentos metros dese desvío semellaba estar o centro máis urbano do pobo. Unha praza ampla, de forma cadrada, na que levantaran un templo cunha cruz no cumio do tellado e varios edificios de madeira polos lados. Un deles, o máis grande e alto, unha torre circular sostida por catro potentes patas de ferro, con portas a varias alturas e una escaleira exterior de metal que a arroteaba, pareceulle un enorme almacén para gardar o gran.

A rúa entraba na vila deixando unha fila de vivendas á súa dereita, e un regato á esquerda que permanecía case oculto por matogueiras de herbas que colonizaran o rego e a canle. Agora, despois de meses sen choiva, máis ca un regato que correse limpo, semellaba un feto de pucharcas unidas por panascos, cunha vexetación na que mandaban uns sabugueiros ananos e unhas silvas impenetrables defendidas por unha barreira de estrugas. Entre o ramallo medrado das follas asomaban as ripas balorecidas do tellado estragado dunha construción que el non soubo identificar.

Antes de chegar á praza a rúa dividíase, e unha calella mazada de terra e petoutos lousados, irregulares, gabeaba pola faldra do monte e continuaba por diante dunha casa de troncos e táboas pintada de branco que mantiña un emparrado ruín enriba da porta. Ao redor desta vivenda, por detrás dun muro de cachotes, enxergábanse outras casas tamén de madeira, con tellados a dúas augas e chemineas de ladrillo. Entre tanta desfeita, a casa da parra era a única de todas que amosaba o tellado enteiro e limpo de fentos e brión, as xanelas con cortinas, a porta dunha peza e canceliña no peche amurallado do quinteiro. Un can amarrado a unha argola durmía diante, engruñado nun buraco escavado na terra.

Fronte da fachada das casas, ao pé da vila, e cubrindo unha extensión de varios quilómetros, aparecía un val de campos a barbeito, bouzados, que chegaban ata unha ringleira de árbores que formaban un bosque de galería por riba do curso do río que atravesaba o val. A zona do río era unha brañeira de terreos acoutada por sebes e pequenos valados en estado de derrube, con algunhas tomadas de amieiros e loureiros estrados polo terreo. Os regos das veigas, atuídos por anos de descoido, conferíanlle ao conxunto unha imaxe de desolación deshabitada. Unhas meras esfiañadas contra onde nacían os xuncos das gándaras, e o croar das ras acompañado polo canto sen fin das carriolas e dos grilos, eran as únicas circunstancias que semellaban sobresaír por riba da visión dunha paisaxe afundida nunha quietude antinatural. Era evidente que pasaran anos dende que as leiras deixaran de traballarse e regresaran a unha soidade primixenia, anterior ás labores que as domaran; e que os homes e mulleres que algunha vez pousaran os seus pés e mergullaran as súas mans enriba e dentro daqueles terróns decidiran, aparentemente dun xeito gradual, como unha billa que pinga gota a gota auga enriba do vertedoiro, abandonar o pobo do redor e marchar vivir lonxe de alí.

Ela, aínda que case nunca saíra da vila, sabía todo isto, vivírao, fora testemuña do abandono. E cando apareceu aquel home pola boca da rúa que viña da estrada, custoulle botar a conta dos anos que non miraba un estraño, mais si estaba certa que pasaran vinte dende que non miraba a ninguén. Non esquecía a data da desaparición da súa irmá Dolores e levaba as contas ao día. Desde aquela ficara como a única habitante dun territorio dunha extensión inabarcable. Non se sabía soa e ignoraba o baleiro que a rodeaba. Ás veces, coidaba que estaba soa porque todos os demais, os que andaban por aí fóra, habían pensar que ela tamén desaparecera, por iso ninguén se preocupada de vir a buscala. A soidade, porén, non lograra esmagala, vivíao como algo íntimo, como unha condición do lugar. Intentaba facer as mesmas tarefas que cando a vila estaba habitada; dispuña as angueiras como unha disciplina de resistencia. Algún día alguén regresaría, estaba certa que sería así, e non poderían

culpala do abandono. Decidira, polo tanto, despois de sobrepoñerse á desaparición de Dolores, actuar coma se non acontecese nada polo que tivese que mudar os hábitos cotiáns: dáballe a comida aos animais, mantiña os alcouves limpos de malas herbas, cultivaba un pequeno horto, lavaba a roupa nun lavadoiro do rego, cortaba cavacos de madeira e apañaba piñas para quecerse e cociñar. Nunca ía máis aló do río, sempre acompañada polos cans, porque a maioría das noites oía ouvear aos lobos e metíalle medo que viñesen a por ela. As bestas podían estar asexando na touza, agachados no mato, sen que ela o soubese; escoitábaos moverse, ulíaos, sabía que estaban alí, mais nunca foi capaz de cachalos. Cargaba coa escopeta nunha man e cunha estaca afiada na outra. Cando saía para ir facer estes percorridos púñase varias prendas de abrigo, unha enriba da outra, así avultaba máis e podía parecer mais forte aos ollos dos animais. A roupa, se a atacaban, tamén a protexería, defendería a carne mol dos brazos e das pernas dos cairos das bestas, e se non a ferían de morte, podía darlle tempo a reaccionar e tirarlle unha coitelada ao pescozo. Cando se botaba aos camiños, adubada coma unha robinson, descoñecendo que todos os arredores estaban desertos, avergoñábase ao pensar que alguén puidese atopala vestida daquela maneira e coidase que toleara. Con todo, pasaran tantos anos e ninguén regresara, que había tempo que mingudara a súa esperanza de topar a alguén nalgún camiño.

De feito, sen o saber, era a última habitante dunha extensión que non sería capaz de calcular e, polo tanto, de imaxinar; e aínda que o soubese, resultarlle incompreensible pensar que naquel mundo inabarcable soamente vivía ela. Teimaba, unha e outra vez, que algún día alguén regresaría a buscala, aínda que daquela era posible que xa estivese morta. Había tantos anos que desaparecera Dolores, pero que outra cousa podía facer que manter a vida e a esperanza...

O home reduciu a velocidade e escorou a camioneta contra o foxo, estudou durante uns minutos desde o asento os muros e os tellados. Tirou varias fotografías, revisou na pantalla como saíran, eliminou algunhas, logo premeu o botón de gardar e deitou a

cámara, a carón da pistola e o teléfono móbil por satélite, no asento do copiloto. Baixou do auto, estricou as pernas e fregou coas palmas das mans as costas e os riles, levantou os brazos por riba da cabeza e bocexou. Levaba máis de sete horas ao volante. Ollou a rúa que tiña en fronte e iniciou unha marcha devagar cara as primeiras vivendas con parterres ermos diante da porta. Asubiaba confiado. Confirmou seu parecer de que non habería máis de cen casas naquel lugar. Viña andando a modo polo medio da rúa principal cara á casa onde vivía a muller. Non podía mirala porque a distancia aínda era considerable e ademais ela estaba naquel intre sentada nun sofá, detrás dunha xanela e protexida por unhas cortinas, a carón do fogar da lareira.

El pasou por diante da construción estragada, cuberta polas silvas e albiscou o templo ao final da rúa. Xa invadira todo o territorio do val un outono de ourizos aos pés dos castiñeiros e néboas nos cavorcos. Parou a marcha para enxergar as árbores que amarelaban deixándose ir cara unha nudez fría, sen adornos; unha austeridade descoñecida para os que coma el non pertencían a esas paraxes. Non deixaba de asombralo e admiralo esta paisaxe detida na contemplación do propio abandono, cada segundo que pasaba máis deshabitada, até chegar, intuía, a un inverno conxelado, espido, dunha rixidez xeada e pálida. Presentía que todo o que era alleo sobraba, porque todo estaba aí, e invadiuno unha conciencia de intruso culpable que o fixo dudar se continuar andando. Non deixara, dende que ficaran atrás os derradeiros desertos, había quilómetros, de atravesar unha natureza de chairas elevadas entre montañas. Agora, esculcando os cumios, observaba a chegada da escuridade da noite, e como aquel mundo estaba a piques de recollerse nos intres derradeiros do solpor. As brisas frías das brañas espantaron a algúns dos paxaros, que preferiron mudar de póla. Unha opacidade cinsenta comezara a ocupar o edificio transparente do serán e debería decidir rápido onde ía pasar a noite que xa estaba sombreando o val, petando nas portas da vila.

Os días empezaban a ser moi curtos fóra do campamento. Porén, cando estaba no fogar, as horas medraban, ensanchábanse. Daquela, as xeiras a carón da xanela,

observando o exterior, parecíalle interminables. Cando demoraba un tempo no campamento, sen outra ocupación que estar cos nenos e con Luva, axiña sentía o ruxerruxe de poñerse en marcha e devecía pola soidade extrema dos quilómetros sen fin das estradas. Mais agora, que xa levaba semanas lonxe, o frío encollíalle a fortaleza e degoiraba estar abrazado a Luva dentro do saco de durmir, escoitando as cancións dos nenos, no camiión caravana aparcado nas pistas do aeroporto, o refuxio no que instalaran a súa base actual. Tremelicou, ollou o perfil da serra, os picoutos máis altos con neve. Aquel era un territorio cun poder que xulgou sen límites, sobre todo cando non tiñas compañía. Deixara de asubiar. Esmagou co calzado unhas herbas que comezaban a cristalizar nunha xeadada de descanso e aspirou as moléculas de fume dunha fogueira que non existía; mais o lume, con seguridade, estivera alí. Naquela vila, como en todas as que visitou antes, había no aire un mapa de ausencias, unhas figuras inexistentes que imaxinou movéndose en tres dimensións, unhas conversas extinguidas ao pé das chemineas que ocupaban os salóns das casas. O outono é unha terra erma que pide lembranzas. El non as tiña, porque as del eran doutros lugares moi arredados do territorio que agora pisaba. Nin de congostras e camiños baixo os carballos, nin de sebes e valados, nin casas de madeira con alpendres cubertos pola hedra, ou ríos adurmiñados nas xunqueiras.

El non gardaba memoria do frío, e, porén, agora, dende que viñera vivir máis ao norte, reclamaba para el mesmo e para os seus fillos un ADN campesiño, mineral e agrario, de ritos e mudanzas acompañadas ao ritmo das estacións, de palabras que convocasen o alento dos bosques e dos animais que vivían neles. Sabía que non había outro futuro no horizonte que ser dono do ferro que sementa, do froito que medra na árbore, do acio na vide e da coroa de loureiro que lles asegurase unha vida nova lonxe do apocalipse.

- A luz ao final do túnel -murmurou

Xa ía regresar á camioneta, porque decidira ocupar algunha dependencia das casas que había na entrada da vila, e quería recoller o teléfono, a pistola, un saco de durmir

para cubrirse no intre de deitarse, e tamén algo de cear, cando o can amarrado na argola estricou as patas ergueu o fociño e ladrrou. Iso foi o aviso.

Ela tamén oíu ao can, abriu os ollos, levantou da butaca, axexou por unha regaña entre as cortinas e puido miralo. Estremeceuse e o corazón bateulle coa forza dun vendaval no peito. Algún día alguén regresaría, mais nunca imaxinou que sería un estraño. De onde saíra? Estudouno. Naquela distancia non lle pareceu tan novo como realmente era, estaba queimado polo sol e nacéranlle temperás engurras na cara. Mais tampouco era vello, andaba firme, a modo, dereito e seguro; despreocupado, non parecía ter présa, nin temor algún, e moito menos medo; máis ben sorpresa e curiosidade. Cada pouco detiña os pasos e esculcaba os arredores.

Era o de sempre, convencérase o home ao chegar, outra vila solitaria e abandonada.

- Soidade e abandono unha vez máis.

O mesmo que viña atopando desde semanas conducindo por estradas vougas. Súa única novidade era tropezar de cando en ves con algún auto ardido e enferruxado na cuneta, con familias de raposos ao seu redor que utilizaban o interior do vehículo como acubillo. Os raposos, sen chisca de medo, o miraban pasar coa estrañeza do extraordinario. Xa tiña demasiados quilómetros na retina de vilas grandes e pequenas, desertas e derrubadas, sempre solitarias. Os ladridos do can, sen embargo, ceibárono do enfasiado costume de falar só. Naceulle un proído de alerta e tensou os músculos. Non ía armado. Noutros lugares atopara cans, pero ningún deles estaba amarrado cunha corda a unha argola. Era posible que naquela aldea atopase a alguén?

Ela ollouno espreitar a casa, seguramente o can amarrado chamara a súa atención. Estaba atardecendo, era un solpor claro de outono serodio, en canto o sol se ocultase comezaría a ir frío, moito frío. Nas gándaras as ras deixaran de cantar e unha primeira escuridade ocupara xa o espazo baleiro ao pé das árbores, as fochancas convertéranse en lenzos de superficie negra brillante. Unhas pegas retornaban grallando das serras veciñas e pousaron as gadoupas nas pólas duns salgueiros que medraban na xunqueira. Desapareceron nuns minutos, cubertas polas sombras que

avanzaban como un alude polo val. O sol deitándose detrás do monte que había por riba da casa e tíñalle que molestar a aquel home, como pouco para albiscar con claridade. Levaba roupas que a muller xulgou de cidade, estaba claro que non era un campesiño, nin sequera lle pareceu un habitante das vilas grandes onde se celebraban os mercados. Había algo alleo naquela figura que non sabería explicar, mais tivo claro que os dous pertencían a mundos separados por un abismo. Ninguén daquelas terras levaría o pelo recollido nun carrapicho como aquel forasteiro, ou gastaría aquelas gafas escuras para protexerse das molestias dun sol esmorecente. Calzaba unhas botas militares de cordóns zocados a altura do nocello, un pantalón claro con moitos petos e un tabardo verde acolchado con cremalleira.

Ela mudou de xanela cara outra que estaba orientada ao poñente e desde a que se miraba a estrada principal. Ollou o vehículo no que chegara o estranxeiro, un auto grande, unha camioneta de catro prazas cunha zona descuberta detrás. Estaba aparcado no cruce, na entrada da rúa, enriba dunha veiga de terra endurecida, baleiro e coa porta do condutor aberta. Non parecía que houbera ninguén máis, viñera só. Que papán aquel home, aventurou, estaba tan seguro de si mesmo, tan certo de que non había ninguén que lle puidese roubar, que se despreocupaba de pechar o auto. Por unha banda, gorentoulle que aquela camioneta estivese alí, e pola outra, desacougouna. Buscou a escopeta cos ollos, moveuse rápida, sen facer ruído, para acadala e comprobou que estaba cargada. Agora, coa escopeta na man, non soubo que facer. Debía prender o lume da cheminea e tamén a cociña de ferro, de alí ao pouco as temperaturas baixarían e un frío cortante xearíalle os osos. En canto a negrura se apropiase por enteiro do val xurdirían os primeiros ouveos. Daquela, era moi necesario que os lobos ulisen o lume, iso manteríalos arredados. Non era aquela unha hora de demoras. Oíu o rumor dos pasos subindo pola costa, deixou a escopeta enriba da mesa e tomou unha decisión, abriu a porta que daba ao quinteiro e ficou alí, de pé, enmarcada polo lintel.



O home camiñaba a modo coa vista cravada nos petoutos do chan. Angustiáballe a posibilidade de esvarar e levar un golpe, de romper unha perna ou unha costela, o que lle suporía un perigo grave. Preocupáballe isto porque ademais incumpriera as regras, estas dicían claramente que as travesías polo territorio deben facerse sempre en parella, que nunca debe saír unha persoa soa do transporte, e, cando se desembarca, hai que facelo sempre armados. Cando oíu o renxer das bisagras da porta parou de andar, ergueu a cabeza e mirou aquel imposible que estaba acontecendo diante súa con calma e curiosidade. Sorriu, mexendo o cabelo cunha man, sen crer o que tiña diante.

Detrás da montaña non quedaba resto do sol, só unha cativa claridade avermellada que xa comezara a mudar polo oriente, adquirindo con rapidez uns tons morados, escuros, que avanzaban para ocupar a liña brillante e clara do ceo. Permaneceron recoñecéndose un intre, sen falar. El díxolle:

- Ola - e engadiu -. Canto tempo, verdade?

Canto lle tería gustado que aquel estraño fose outra persoa. E poder dicirlle cun sorriso de flores nos beizos: "oín dicir que regresaras". Mais era un descoñecido e ela non lle respondeu á pregunta. Virou o corpo e perdeuse no interior da casa. El vixiou os arredores, o can xa non ladraba, volvérase deitar e parecía asustado, coma se lle collese medo. El buscaba sinais de algo que se movese, tiña o corpo os músculos en tensión e, aínda que xa ía frío, estaba suando. Nestas situacións podía haber outra xente agachada. Arrepentiuse de non ter collido a pistola que ficara no asento do coche.

- Merda! -cuspiu.

Aquel despiste, sumado a facer quendas individuais, podía rematar converténdose nun desastre para todos. Aínda había un chisquiño de luz, existía a posibilidade de intentar volver á camioneta correndo, coller o arma e regresar. Pero, é si ela aproveitaba para fuxir? Estaría enferma? Era vital sabelo. Que aquela muller estivese san era un sinal de territorio non contaxiado, un refuxio perfecto para habitar. Se non a levaba con el á

base, non podería dar parte de aquilo, porque, tal como organizaran a expedición, suporía algo máis que o seu posto na patrulla de exploradores. Luva, se el perdía o traballo, seguro que se divorciaba, e vai ti a saber onde acabarían os nenos. Co esforzo que fixera para convencela de vir vivir máis ao norte dos desertos. O deserto, era curioso, a Luva ofrecíalle seguridade. Incluso se lle abrían un expediente e o castigaban, podía chegar a perder o camión caravana que levaba aparelado o traballo de explorador, e Luva e os nenos terían que regresar á fronteira do sur, aos poboados miserentos das cabanas de uralita e os pendellos de plástico. Non quixo nin pensalo, volver á fronteira era peor que morrer. Mais quen ía supoñer que sería el o que atopase unha supervivente? Había anos que exploradores veteranos visitaban aqueles planaltos infindos sen resultados. Maldiciu, había uns minutos todo era perfecto, xa ía regresar ao vehículo cando ladrrou aquel can. Por que tivo que ladrar? Por que ser el o que atopase aquela muller? Seguro que levaba anos alí soa e entolecera.

- Merda de viaxe! -xurou.

Volveu cuspir, esta vez contra o can. Entrou na casa. A muller estaba prendendo unha fogueira con paus e garabullos, tamén botaba estelas máis grosas e piñas na cheminea. Preguntoulle se estaba soa e ela respondeulle que pechara a porta, porque se aveciñaba unha noite moi fría, logo habían de ouvear as bestas.

A cociña era un espazo grande que debía ocupar case todo o baixo da vivenda. A cambota da cheminea, cunha lareira no seu interior, cubría un dos laterais do cuarto, no outro había un armario e unha porta, a única que había agás a da entrada na casa. Nun recanto debaixo da cheminea construíran un pequeno forno para cocer o pan. A muller colocara preto de alí unha butaca que tiña unha manta encartada no respaldo, a carón da butaca puxera unha mesa circular cuberta cun pano de tea branca e varios libros cuns lentes enriba, tamén un modelo antigo de teléfono e un farol cunha vela artesanal dentro. Pensou no tempo que habería que non soaba aquel teléfono e que aquel sitio era o refuxio de descanso dela, o dunha persoa que pasaba moito tempo soa. Iso tranquilizouno. O lume ben provisto de alimento brillaba con forza e ardía con

chamas altas enriba do fogar da lareira. A muller acendera os pabíos doutros dous farois pendurados do teito e a iluminación dentro da cociña era máis que suficiente, aunque unhas sombras monstruosas recorrían as paredes cada ves que algún dos dous se movía. Ela retirou a escopeta de enriba da mesa e colgouna dunha alcajata que había detrás da porta. Observou que o home a miraba.

- Téñoa sempre cargada, polos lobos -explicoulle.

- Non sabía que houbera lobos nesta parte do territorio - retrucou el -, coidaba que non baixaban das montañas, nunca vin a ningún nos meus percorridos.

Ela estaba agora soprando nas brasas dun dos forniños da cociña. Abriu unha neveira enferruxada que non funcionaba, porque había vinte e moitos anos que desaparecera a electricidade na vila, e retirou do seu interior unha tarteira cun guiso.

- Pois xa baixaron das enfestas hai unha manchea de invernos – sentenciou -e ultimamente hai máis que nunca. Eu tampouco nunca os vin, pero sei que están aí. Vai ver, nunha media hora, cando non haxa nin migalla de claridade comezaran a ouvear, e argallan un coro que arrepuña, logo han vir os cans todos a gorecerse na casa. Cando escoitemos un barullo de xemidos e unllas rabuñando na porta será o sinal, gardarei os cans dentro e ficaremos illados aquí deica mañá. Mais eu se fose vostede xa non había de saír a pechar a porta do vehículo, aínda que se quere intentalo podo deixarlle a escopeta.

A porta do transporte ficara aberta, xurou ao recordalo, esquecerao. En todos os poboados facía o mesmo, aparcaba, apagaba o motor, baixaba, daba un paseo e regresaba para continuar; porque nunca botaba máis de quince ou vinte minutos, era o que tardaba o abandono en facerse evidente. Ollou pola xanela, a escuridade no val era absoluta, so enxergou nun charco un derradeiro brillo de claridade apagada que indicaba que no horizonte o lusco fusco non desaparecera de todo. Non estaba nada convencido que fose seguro saír aí fóra. A muller colocara a tarteira no forniño de ferro e remexía o contido cunha culler, un cheiro a comida ocupou o aire da cociña. Seguro que Luva, matinou, tamén había de estar a darlle a cea aos meniños.

- Vostede non é de por aquí, verdade? -escoitou que lle preguntaba.

Pero el estaba moi lonxe, no seu camiión caravana, axudando a Luva a bañar aos cativos, poñéndolle o pixama, sentando na mesa con eles a cear e léndolles un conto. Cando remataba a lectura comezaba a quenda de preguntas sobre o conto e poñía atención ás palabras que pronunciaban, como as ordenaban, á velocidade con que respondían, as preguntas que lle facían. “Que manteñan a curiosidade é un sinal de boa saúde”, explicáralles o neurólogo que lles impartira os cursos de información. “Fixádevos ben nisto, antes de perder a fala deixaran de facer preguntas, perderan a curiosidade; daquela teredes que matalos vós, ou entregalos para que os matemos. Todos sodes posuidores das pímulas que acaban coa vida sen dor, son para vós ou para os vosos fillos; sabedes o que tedes que facer; se non o facedes vós, farémolo nós”. Ese sería o principio da enfermidade, o primeiro síntoma será un desleixo abúlico.

- Non –respondeu -, non son de aquí. O certo é que son de ben lonxe.

E oíu o medorento xemer dos cans na porta. A muller abriu e deixounos entrar medio entolecidos polo pánico. Eran cinco e tiñan tanta présa por estar protexidos que derrubaron unha cadeira no seu camiño contra a parede do fondo.

- Dormen aí dentro - explicoulle ela sinalando a porta -. Aí séntense seguros, é unha bodega almacén sen xanelas.

Puxo atención na maneira perfecta que tiña a muller de construír as frases, pronunciando todas as palabras sen ningún erro. A hipótese de que había lugares onde vivía xente non contaminada, xente que permanecera illada en lugares remotos, que non enfermara, parecía ser certa, cumpríase. Volveu pensar en Luva, se non a chamaba como facía todas as noites habíase de preocupar, pero o teléfono polo satélite tamén quedara no vehículo. Luva rifaba con el unha e outra vez que non saíse só, que xa había un perigo demasiado real, porque había grupos armados que xa viñeran ata o norte desde a fronteira. Pero iso era un ruxerruxe, ninguén os vira, ninguén sabía deles, non había noticias de casos de asaltos a exploradores, roubos ou

asasinatos nos campamentos daquelas rexións do norte. As autoestradas que comunicaban coas grandes áreas metropolitanas do sur estaban vixiadas por corpos especializados en controis fronteirizos, e ciscadas polo territorio había patrullas militarizadas. Levantáranse barreiras, colocáronse detectores de calor, minas, cans adestrados percorrían constantemente os horizontes da fronteira, inzados de arames e panterlos mortais; era practicamente imposible atravesar o trasmallo de obstáculos, peneirar as barreiras para penetrar nos desertos e chairas do norte. Os fuxidos que cachaban intentando atravesar as fronteiras estaban condenados a morrer. Non se facía prisioneiros, non se perdoaba a ninguén, non había preguntas. Eran axustizados non lugar onde os apañasen. A versión oficial, xa de por parte bastante dura, era esa; a realidade era aínda era peor que iso, peor do que poidades imaxinar. Porque a palabra axustizar semella estar ben emparentada coa palabra xustiza, que arrastra unha certa carga de civilización, un trato humano, unha morte piadosa: avogados, corte penal, dereitos... Por suposto, nada diso existía. Eles, os detidos, só pedían unha morte rápida, sen dor, pregaban porque non houbera abusos e sufrimentos. A palabra axustizar parece que contén en calquera tempo algún azo de legalidade; e, sen embargo, ao que se dedicaban aqueles homes era a pura cacería de humanos. Os que se ofreceran para realizar estas cacerías facíanse chamar, ironicamente, xusticeiros. Estaban organizados en gavelas e constituídas por antigos habitantes das cidades, como case todos os refuxiados, con eles, de acompañantes, levaban a algúns nativos do país, que se adestraran no rastrexo de fuxidos. A piedade evaporárase do mundo e da conciencia daqueles cazadores que recorrían os territorios buscando rastros dos farrapentos escapados dos infernos das megalópoles. Había quince anos que se prohibira abandonar as grandes urbes e viaxar cara o norte, o incumprimento da prohibición supoñía a pena de morte. Os xusticeiros viaxaban en grupos polas extensións deshabitadas de ninguén, ao sur das fronteiras, utilizando transportes de montaña, motos e vehículos que eles mesmos preparaban, procurando calquera indicio de restos humanos: excrementos, comida, roupa, utensilios, calquera

cousa que lles indicase a posibilidade de vida, ata o máis insignificante, unha pinga de suor valíalles. Nada lles pasaba desapercibido, escapaba ao cheiro duns roedores dos pantanos, súas mascotas, unhas ratas do tamaño dun gato cun olfacto cen veces superior ao mellor can. Había tempo que paparan aos seus cans e mudáranos por exércitos destas ratas; adestráranas como asasinas e, cando estaban de cacería, non as alimentaban. Aqueles animalíños famentos apañaban o cheiro humano a ducias de quilómetros de distancia. Cando ao percibir o arrecendo se excitaban as arriaban das gaiolas e corrían campo a través detrás delas. Polas corcovas, polos camiños das fragas, entre o mato, subindo outeiros e atravesando penedías; aqueles animais non se detiñan até atopar a súa comida: esfarrapados que buscaban refuxio, os que corrían berrando clemencia, arrepiados; os axeonllados que choraban pola súa vida. Aos xusticeiros dáballes igual que houbese nenos, embarazadas ou mulleres que podían ser as súas nais. Arreitábanos, sen máis, o espectáculo. Cando os seus depredadores fartaban de comer, tronzaban os refugallos que quedaban para trocalos como mercadoría; ou servíalle máis adiante de alimento de seu, cando había escaseza.

Iso era o que sucedía a tres mil quilómetros de onde eles se atopaban. Ese era o mundo que el lle quería evitar a Luva e os nenos. Odiaba a aqueles xusticeiros e ofrecérase voluntario como explorador polos territorios remotos ao norte dos desertos, onde non se sabía se chegara a praga.

A muller rematou de poñer a mesa e pediulle que sentase, retirou a tarteira do forniño e colocouna enriba dunha prancha de cortiza enfeluxada. A prancha emitiu un ruído apagado. Destapouna cando el estivo sentado, puido enxergar unhas patacas cubertas por un prebe amarelo con cenorias e pementos, tamén albiscou uns anacos de carne. O guiso fumegaba.

- Vostede vive soa na vila, non si? - Preguntoulle botando auga dunha xerra nos vasos.

- Por que queres sabelo?

Non lle respondeu. Arrincaba migallas da boroa caseira que ela cocía no forno e enchoupaba os anacos no prebe.

- Está bo este guiso - alentou el sen deixar de mastigar. Había días que non comía quente.

E ela? Canto tempo había que non comía acompañada? Xa non sabía botar a conta.

O ouveo dun lobo oíuse na dirección onde estaba a furgoneta.

- Están aprendendo o teu cheiro - díxolle ela animada -, é novo, descoñecido, pasaran parte da noite explorando o teu vehículo, ata que o memoricen, nunca o van a esquecer; se volves por aquí dentro de cinco anos acordaranse de ti. Non pensas que é como ter vellos amigos?

Por primeira vez riu en toda a noite, con forza, liberando as tensións dos moitos erros que levaba cometido. “Demo de muller, teimou, tiña o seu aquel”.

- Xa non recordo cando foi a última vez que comín acompañada, esquecino. Naturalmente foi con Dolores, pero non recordo ese xantar. Eu marchara a atar unhas viñas a unhas veigas máis alá do río, naqueles tempos aínda sachabamos as viñas cultivadas naqueles ribazos. Cando regresei todo seguía igual, agás que Dolores non estaba, desaparecera, desde aquela vivo soa, nunca volvín ver a ninguén máis.

Os dous remataran de comer o que tiñan no prato e non había máis comida no interior da tarteira. Ela recolleu os cubertos e amoreounos un enriba do outro nun lado da mesa, logo levantouse foi deica o aparador pequeno, a carón da neveira, e colleu un álbum de fotos, regresou á mesa. Abriu a cuberta e pasou unhas follas, ensinoulle unha foto con dúas mulleres novas.

- Esta é a miña irmá Dolores - díxolle poñendo o dedo índice enriba -, a outra son eu.

El fitou con curiosidade a foto das dúas mozas no adro da igrexa que divisara dende a estrada, onde o terreiro. Non debían ter máis de vinte anos. Eran dúas mulleres

guapas, cunha marcada áurea campesiña, nun tempo que non soubo situar. Certamente moi novas e guapas.

- Non estou seguro se cando lles fixeron esta foto eu tería nacido. Cantos anos hai?

Sorríanlle á cámara collidas da man, vestían blusa vermella de manga curta polo ombro e pantalón a cadros tamén curo.

- Hai trinta e dous -retrucou ela -, tiñamos dezaioito e vinte anos.

O pelo peiteáranlo e recolléranlo nunha cola de cabalo e lucían flores entre os cabelos. Debía ser verán.

- Hai trinta e dous anos... –soou apagada a voz del -. Aínda faltaban catro anos para que eu nacese -. Ela non o oíu.

Estaban sentadas nun banco de pedra e mirábase máis xente ao lonxe.

- Podo? –preguntoulle iniciando o movemento de pasar a folia.

- Por suposto – aclarou ela -, as fotos son para iso, para mirar.

Foi pasando as follas. Alí estaban todos entendeu el, unha liñaxe de homes e mulleres que algunha vez ocuparan todas as casas deshabitadas e arruinadas do pobo. A muller foille aportando nomes, datas, parentescos, ocupacións, propiedades. Tíñao todo rexistrado nunha memoria prodixiosa, cósmica e sen fisuras. El admirouse, había anos que non escoitaba falar a ninguén con aquel poder de evocación, con aquela facilidade para encanar nomes con acontecementos e estes con outros sucesos que lle concedían ao contado a lóxica e a veracidade dunha cronoloxía inapelable. Tamén a crueza marabillosa que encerra unha realidade que non por ser real deixa de ter connotacións máxicas. Comparados cos tempos que corrían, aqueles dos que falaba a muller parecéronlle intres dunha era extinguida, nos que algunha vez houbo xente que gorentara dunha harmonía de monotonías pacíficas, asentadas nunhas rutinas que gardaban memoria dunha orde natural que consideraban sagrada. Pero, o que mais chamou a súa atención, foi o léxico que empregaba, era como un imán cheo de agasallos que te atrapaba, unha festa de nomes, frases, parrafeos interminables que



te cociñaban e engaiolaban en historias segredas, magníficas, que desexabas non tivesen final. Lembrou ás nenas e os libros de contos que el lle lía; eran miudezas comparado con aquilo que escoitaba. El, que convivira coa epidemia da afasia nas urbes do sur, nunca deu en imaxinar que o mundo viaxaba aparellado de tal xeito coa linguaxe que o explicaba, que o facía entendible e humano.

Nas palabras dela estaban as tarefas cotiáns que ían desde as acerbas labores das madrugadas deica os suores do final do día. Comparou aquel universo cos estertores que arrodearon o remate da súa infancia na cidade e preguntouse que sucedera no mundo.

Ela observouno durante todo o tempo. Non era tan vello como supuxera ao principio, máis ben, certificou ao telo tan próximo, era case un mozo. Cantos anos tería? Trinta como moitos. De preto pareceulle tan novo que nun intre adquiriu a conciencia perdida de que o paso do tempo era unha enfermidade. Cando comezou o andazo aínda non debería ter nacido. Daquela, as dúas irmáns xa levaban mais de dous anos vivindo soas. El deixou de pasar as follas do álbum e pousou os ollos nun retrato de grupo na pasarela do río, homes e mulleres mesturados que retornaban de realizar un labor común, tiñan as ferramentas nas mans ou apoiadas contra os pés no chan de madeira. Fóra escoitouse o ronchido angustiados dos porcos.

- É polas bestas - afirmou ela -, rodean os cortellos e métenlle medo.

Os cans da bodega tamén ladraban. A muller colleu a escopeta abriu unha cuarta de fiestra, asomou os canos pola regaña e disparou cara o ceo. O estoupido resoou por todo o val e contra as montañas, o eco da perdigonada percorreu as calellas da vila coma se fora a galopada dun cabalo. Oíron a carreira dos lobos ao liscar escorrentados.

- Han volver esta noite. Cada noite, desde hai uns meses, teño que disparar dúas ou tres veces.

El retornou á foto do grupo, habería unhas trinta persoas naquel retrato. Todos, homes e mulleres, levaban pantalóns de pana ou de tea a cadros, camisas de flanela, gabáns

e botas de coiro de media caña. Os homes cubrían a cabeza con sombreiros de feltro de ala ancha, a maioría delas protexían os cabelos cunhas pamelas vermellas e azuis que amarraban cunha cinta á caluga. Parecían contentos, todos sorrían satisfeitos, algúns portaban ramallos de flores silvestres nas mans. Sinalando co dedo foille dicindo o nome de todos, dos que marcharan e dos que morreran. Contoulle o que sabía deles, as datas nas que foran partindo, os anos inscritos nas lápidas dos que descansaban no cemiterio da vila. Sabía dos que estaban mortos e enterrados porque conversaba con eles nos camiños e ao pé dos noiros, dos que marcharan non sabía nada. A muller indicoulle a dous deles.

- Esta é miña nai e este meu pai. Foi un abandono tranquilo – relatoulle -non desapareceron en masa. Uns arrastraban aos outros con promesas de traballos ben pagados, ofertas dunha vida e dun progreso que lles permitía mercar autos, traballar en fábricas, ter vacacións firmadas e morrer en hospitais. Non entendo porque escolleron esa vida, a que levabamos aquí non era tan mala -, engadiu resignada -. Foi un abandono tranquilo pero inexorable, non houbo marcha atrás, ninguén regresou. Nossos pais, ao emprender a viaxe, non nos levaron con eles, deixáranos ao coidado da última familia que abandonou todo isto, a que nos fixo a foto na que estamos as dúas sentadas collidas das mans. Querían levarlle unha foto nosa aos pais. O correo que nos enviaron, na que recibimos a copia da foto, foi o último correo que recibimos deles. Diciannos que tiñamos que agardar aquí, na vila, agardar a que viñesen a por nós, que recolleríamos a casa toda e venderíamos o gando na vila grande; logo, habíamos de marchar todos xuntos á cidade na que ocuparíamos unha vivenda nun departamento de novas urbanizacións. Nunca apareceron, nin eles nin ninguén; non responderon nunca a chamadas nin correos. Evaporáranse tragados por un silencio ao que non lle atopamos explicación. Todos nosos coñecidos esluíranse, non contestaban a correos, ni cartas, avisos, chamadas, nada. Poucos meses despois decatámonos que xa non

circulaban vehículos pola estrada comarcal. Montamos quendas de vixilancia no cruce e agardamos durante días na beira da estrada, logo rendémonos á evidencia do desamparo. Na televisión informaban dun xeito confuso dunha enfermidade descoñecida que se estaba a converter nunha epidemia, ignoraban que a provocaba. Falaban de hospitais rebordados, de revoltas e desordenes nas cidades. Unha mañá, ao erguernos, atopámonos sen electricidade, ficamos illadas. Coa falta de electricidade retornamos a unha vida de sobreviventes, empezamos a aforrar o que non podiamos obter polos nosos medios e a racionar a abundancia do que se almacenaba nas casas. Por suposto, non apareceu ninguén e as angueiras multiplicáronse; había exceso de traballo para as dúas. Os primeiros anos intentamos que os campos non se arruinasen e que os animais sobrevivisen aos invernos. Foi imposible, non dabamos feito. Non tiñamos noticias, non sabiamos que sucedía, o mundo exterior deixara de existir. Falabamos entre nós e interrogámonos sobre o que pasara; elaborabamos teorías imposibles de comprobar, explicacións irrealis sobre acontecementos que non podiamos nin de lonxe imaxinar. Algunhas familias deixaran abandonadas camionetas e autos nos garaxes das casas, pero nós non sabiamos conducirlos, nin sabiamos sequera se seguirían funcionando. Dolores decidiu que debiamos organizar unha saída para ir á vila grande, onde se celebraban os mercados. Estaba doutro lado da serra, a uns trescentos quilómetros cara o leste. En automóbil levaba catro horas chegar alí, calculamos cinco xornadas de andaina. Preparámolo todo, camiñaríamos polo día e para durmir utilizaríamos palleiras, pendellos, cabanas de pastores; calquera construción que nos ofrecese algo de cuberto e seguridade. Arrepiábanos o medo real de non saber o que podiamos atopar, enfrontarnos a algo descoñecido. Elucubrábamos que tiña que ser algo tan anónimo como devastador o que trouxera aquelas desoladas incertezas que nos anguriaban. Gardamos o gando nos cortellos, deixámoslle comida e auga para varios días,

reforzamos os peches. Recollemos ferramentas e aveños, aseguramos contras e xanelas, colocamos trancas, pasamos ferrollos e xiramos as chaves nas ferraduras. Incluso espichamos unha nota na porta do templo: Estamos camiñando cara a vila grande do mercado, en dúas semanas calculamos estar de regreso.

Botámonos á estrada, era un recorrido coñecido polas viaxes que fixeramos cos nosos pais. Iamos acompañadas de dous cans, cunha escopeta ao lombo e unha mochilas ás costas coas provisións. Sete horas despois non quedaba nada do mundo familiar que arroteaba a vila, entráramos en territorios que xa nada tiñan que ver co val e cos traballos da comunidade a que pertenciamos. Comezamos a subir a serra e atravesabamos dende había horas interminables bosques de abetos que ocultaban o ceo. A estrada convertérase nun túnel debaixo das pólas que se unían e enramallaban por riba nosa, formando unha longuísima nave central. Percorriamos unha catedral vexetal. Non falabamos e non parabamos de andar, os cans arfaban e arrandeaban pola súa falta de costume de facer recorridos tan longos. Recordo que o día era perfecto para camiñar, tépedo e despexado, e nada nos alteraba nin nos facía temer perigos; viña do leste unha brisa que agradeciamos para combater a calor e nalgunha ocasión miramos coellos e rulas non lonxe das beiras da estrada. Os cans estaban demasiado cansados para correr detrás e miraban para eles cunha indiferenza de derrota asumida; nós tampouco queriamos disparar. Aquela primeira noite tivemos que durmir á intemperie no monte, non conseguimos albiscar nada que puidésemos utilizar de refuxio así que argallamos con paus un pendello fráxil e inseguro. A mañá, cando espertamos, un dos cans non se incorporou, non aturara o esforzo e morrera esgotado pola noite. Deunos mágoa deixalo alí tirado, cuberto polos paus que nos protexeran, abandonado e esquecido. Proíanos a conciencia por non enterrar a aquel compañeiro de travesía, mais apurábanos a présa por atravesar os cumios da

serra. Era a primeira vez que, ao non ocuparnos do can, incumpriamos unha lei non escrita.

Logo de atravesar as esculcas dos cumios a estrada emprendía unha baixada vertixinosa de curvas ata a ponte sobre o río, un canón de paredes verticais. Se camiñabamos rápido habíamos de poñer os pés na ponte aínda con luz. Dolores lembraba unha casa na outra ribeira do río onde poderíamos acubillarnos e durmir. Desta banda da serra, moito máis empinada ca que ascenderamos, non había bosques e a estrada transcorría polo medio dunha touza espesa, con algunhas tomadas de árbores perdidas nas valgadas duns regatos que baixaban das esculcas cara o río grande.

Seguíamos sen ver a ninguén, nin atopabamos sinais visibles de que houbera xente polos arredores, nin ruídos de motores, nin fumes de fogueiras. A orfandade dun inmenso mundo sen rastro de vida humana era o que tiñamos diante. A media mañá comezamos a sentir o esgotamento e camiñabamos máis a modo, facíamos paradas breves para alimentarnos e temíamos non dar chegado a ponte. A noite debuzouse enriba nosa, cachounos, e dubidamos que facer, se parar ou intentabamos seguir algo máis, aínda que a escuridade case nos impedía camiñar. Oíamos o río e iso dábanos azos. A ponte apareceu ao final dunha pequena recta. Iamos cegas, ás apalpadelas tocamos a varanda de protección, un muro de pedra que nos chegaba a altura do peito. Logo oín un xuramento de dor de Dolores, tropezara con algo e maldicira. Achegueime onda ela, era un vehículo que alguén abandonara no medio da ponte. Probamos unha das portas e abriu. O can, que sospeitaba da noite, foi o primeiro en coarse dentro, logo entramos nós, esgotadas, sen que nos sobrase unha migalla de forza derrubámonos nos asentos e nin ganas tivemos de procurarnos algo de cear nas bolsas que cargabamos; abrazadas e arroladas polo ruído sen fin da auga do río quedámonos durmidas.

Cando espertei, Dolores estaba sentada no asfalto, apoiaba as costas contra a varanda de pedra e lía uns papeis que atopara nunha carpeta no asento do copiloto. Baixei o cristal e saudeina, contestoume que o dono daquel auto era do sur, dunha das cidades. Tiña na man un carné de conducir coa foto dun home. “Que estaría a facer tan lonxe da súa casa?”, pregunteille, pero non me respondeu ata pasados uns intres. “Sabes o que sospeito? Que ese home se suicidou tirándose da ponte abaixo.” Entregoume os papeis, lin un nome, unha data de nacemento, un enderezo e un oficio. Ollei a foto e a pegada dixital do polgar. Unha faciana vulgar, inexpresiva, pálida e case sen pelo, nin cellas, cuns ollos claros e unha boca pechada, de beizos moi finos. Sentín simpatía por el porque presentín que algo malo lle acontecera. Asomámonos pola varanda e distinguimos no fondo do canón a corrente do río entre as copas das árbores. Revisamos o coche e non atopamos cousa algunha, nada. Non sabía que buscábamos, talvez unha despedida, un aviso, os rastros que deixa unha vida. Era hora de continuar. Gardei o documento no bolso e botámonos a camiñar dándolle chanchadas a uns anacos de queixo e xamón. Non atopamos a casa que lembraba Dolores pero si unha fonte de pedra cun cano estragado pola ferruxe na que bebemos e nos lavamos. O día amañecera gris e ía frío, a calor morna dos días pasados desaparecera. Tiñamos que chegar á vila ou non poderíamos facelo, estabamos derrotadas, encabuxadas e malhumoradas. O can a metade do percorrido parou, sentou na estrada, e non quixo continuar. Nin miramos para el, sabiamos que tiñamos que seguir, alancar, alancar, esa era a única palabra que nos daba alento e ánimo.

Chegamos dous días despois coa tardiña ás primeiras casas dos arrabaldes da vila. Non nos fixo falta petar en ningunha porta para decatarnos que alí non había ninguén, porque o panorama era de total destrución e devastación, unha furia que arrasara coa violencia dun de furacán e que levara todo por diante. Nada permanecía en pé ou estaba no seu sitio. Os edificios rebentados, os

mobles partidos e rachados, atopamos colchóns alfombrando as rúas e autobuses inmenso envorcados con todos os cristais esnaquizados. Que sucedera alí para que houbera camiións ardidos no centro da cidade, moita roupa ciscada e esgazada, libros queimados en fogueiras que deberon ser babilónicas? Que inferno fora aquel? Á maioría dos barrios plantáranlle lume. Quen provocara tanto horror? Por que? Eu creo que entón nos dominou unha desgana absoluta polo que nos arrodeaba e por nós mesmas, e por todo, unha mestura de covardía, rendición e misterio que nos sumiu nun estado de derrota; e ficamos caladas e indiferentes diante do que mirabamos. Porque parecía imposible poder atoparlle unha explicación a todo aquilo. Toda a vila estaba como se unha masa de xente entolecida non tivese outro obxectivo que estragar, rebentar e destruír. Camiñamos cara o centro, deica a Praza Central. Un lugar que, cando nenas, nos parecía inabarcable, e no que xogabamos as veces que nos traían nosos pais ás compras no almacén que ocupaba un dos laterais da praza. Unha torre de trinta andares cunha extensión do tamaño dun campo de fútbol, na que mercabamos dende produtos de alimentación até roupa, ferramentas ou libros. Agora, aquel inmensa tenda almacén era o exemplo perfecto do caos absoluto. Entramos. De cando en vez anicabámonos e recollíamos algo do chan, un xoguete, unha lata de conservas, un rolo de tea e depositabámoas nas baldas dos estantes. Era tan insignificante aquel propósito como o roer dun verme no corpo morto dun boi. Argallamos cunhas camas e uns colchóns un lugar para durmir, apañamos lanternas para iluminarnos e amoreamos latas de carne e verduras para unha cea dun cento de comensais. Dolores propuxo abrir unha botella de viño e botou man das dúas máis caras. Finalmente só abrimos dúas latas e bebemos media botella, pero, ao non estar acostumadas a tomar alcohol, entrounos unha melancolía pegañenta e contaxiosa, emerxeu de súpeto o recordo dun pasado familiar feliz e tenro; as lembranzas daqueles días e o reconto do que nos quedaba deles.

As caras, a boca de mamá, os xestos e voces; imitamos como espantallos tristes a súa maneira de falar e de rir, de berrarnos e de agarimarnos; describimos a visión particular que cada unha gardaba dos dous sentados á mesa, logo, a de papá manexando unha bicicleta e a de mamá correndo por unha praia a que nos levaran cando eramos pequenas; había tanto tempo que nos impresionou falar daquilo como doutras vidas. “Mañá regresamos.” Foi o último que lle oín dicir a Dolores antes de botarnos a durmir e non oír nada. Espertounos o ruído que fai unha lata cilíndrica ao rodar sobre o chan: toc-toc-toc-toc... e parar. Abrín os ollos. Dolores mirábame co dedo por riba dos beizos pechados. Acenou para indicarme que o ruído viña do andar inferior. Movémonos cautelosas cara a escaleira mecánica, baixamos apenas tocando os chanzos de metal, axexamos por riba do pasamáns e albiscamos a figura dunha muller no fondo. Estaba sentada nunha cadeira, comendo coas mans do interior dunha lata de conservas. Chistamos e ollou cara nós, perdida, sen chisca de medo, como de volta de todos os sufrimentos. Camiñamos a modo, con precaución, cara ela; deixou esvarar a lata que caeu ao chan, púxose de pé, estricou os brazos para tocarnos, como querendo comprobar que eramos reais; abriu a boca e ningún son saíu daquel oco. Non era tan vella e, sen embargo, semellaba unha anciá, a roupa formaba un cúmulo de capas enriba do seu corpo, o pelo encrespado, cotroso, caíalle sen peitear por riba dos ombros e dunha caveira pálida e fraca. Seu aspecto era tan deturpado, tan noxento e caótico, como o mundo cá rodeaba. Non falaba, era muda. Sinalaba o arma e acenaba con estremonías de tola que lle disparásemos. Dolores levantou a escopeta e apuntou a boca dos canos ao peito da muller, que se despediu de nós cunha mirada de agradecemento, e premeu o gatillo. Seu corpo saíu rebotado cara atrás e derrubouse como un barullo de roupa vella entre latas de conservas e rolos de papel hixiénico. Axudeina a levantarse. A



muller muda xacía sen moverse no chan, no medio dun charco de sangue escura; a min pareceume un vermello case negro.

Como se o recordo a enmudecese tamén a ela deixou de falar. Houbo un silencio de reloxo parado na cociña. A muller ollaba o pasado e aquela viaxe recobrada debeuna esgotar tanto que necesitaba a mudez para recuperarse. El, adestrado nas sospeitas ás posibles ameazas, prestou atención, non se escoitaba nada, nin ruídos, nin ouveos, nin sequera o zunido do vento. Os dous continuaban sentados na mesa onde cearan.

- Aquela muller estragada era o primeiro morto que ollaba na miña vida..., e deixámola alí, tirada - murmurou por fin levantando o corpo da cadeira.

Foi onde a lareira para alimentar o lume que esmorecía; de paso, na butaca, colleu unha caixa cuns cigarros enleados en papel de xornal, e sentando de novo na cadeira ofreceulle un ao home.

- Esa muller que atoparon estaba enferma – explicoulle -, contaxiada, seguramente era a última persoa viva nesa cidade, os demais xa foran exterminados.

Ela prendeu o xaroto e arfou unha calada de fume de follas murchas, tusiu.

- Vostede é a primeira persoa que atopo nun radio de dous mil quilómetros – engadiu el.

A muller seguiu chuchando da cabicha. Era unha mágoa que aquel home non levase tabaco de verdade, pensou, había anos que rematara as reservas de cigarros e puros.

- Quere un pouco de licor? -, ofreceulle. Bebía pouco e diso si tiña.

- Eu nacín nunha das megalópoles do sur –arriou o home.

A muller mirouno con calma, sen deixar de chuchar das brasas fedorentas daquelas follas que se acostumara a fumar.

- Vostede – continuou el, buscando os seus ollos -, non sabe exactamente que pasou, verdade? É increíble atopar despois de tantos anos a unha supervivente como vostede. Seguramente non pode decatarse, mais é un milagre - confesoulle colléndoa da man e agarimándolla -. O que sucedeu foi un

desastre, unha epidemia, sabe? E agromou hai uns corenta anos nas urbes do sur. A orixe nunca se investigou, pero comezaron a nacer meniños que non choraban cando os parían e, máis adiante, non falaban. Ao principio ninguén lle deu importancia, nin fiou un caso con outro, os nenos enfermos estaban ciscados polos hospitais das grandes áreas e había máis de trescentos hospitais nun continuo metropolitano de douscentos quilómetros; iso sen contar clínicas, paritorios e centros de maternidade e de saúde; ademais, os nenos, nos comezos do andazo, eran poucos, moi poucos, e decidiron botarlle a culpa a un virus hospitalario que infectaba a área cerebral da fala e que, aseguraron, só afectaría a aqueles nenos contaxiados polo virus, nada de que preocuparse, afirmaron. Mais, de vagar, comezaron a aparecer síntomas de perda da fala en adultos, en xente nova, en anciáns. A evolución era semellante en todos os casos: primeiro, esquecían palabras soltas que desaparecían da memoria, coma verbas suicidas, e tiñan que volver a aprendelas. O simil que facían era o dunha palabra aboiando dentro dunha pompa de xabón que cando, necesariamente, a pompa estouraba, a palabra desaparecía, e ficaba a realidade transparente da nada. O alarmante era que aos poucos minutos de aprendela de novo xa non estaba no seu sitio, esfumábase decontado. “Como se chama esa auga que cae do ceo?”, preguntaban. “Choiva”, dicíanlle. “Ah, claro, choiva”, repetían avergoñados antes de volver a esquecerla en instantes. Máis adiante, xa non eran capaces de formar frases e remataban por facerse entender utilizando verbos en infinitivo. Contra o final, só se producía unha emisión sen sentido de sons inintelixibles, como ruídos nunha radio avariada. O remate, máis ou menos un ano despois de contraer a enfermidade, dependendo da fortaleza do enfermo, era unha anomia, unha falta de forza e vontade que acababa no falecemento, nunha morte silenciosa, inexplicable, por abandono e desnutrición. A xente morría consumida, buscándose cara dentro. Mentres houbo persoas sans que se ocupaban dos doentes estes vivían máis

tempo, pero o contaxio foi exponencial; en poucos anos había centos de miles, millóns, de contaxiados; os mortos estaban por todas partes, non había xa quen os recollese para queimalos, moitos que fuxían das cidades transmitían a doenza alá onde foron. Esfarelouse todo e agromou o inferno. Suspendeuse a atención médica, acabouse a electricidade, desapareceu o exercito e a policía, as cidades foron saqueadas, o diñeiro era papel de mala calidade para quecer as fogueiras nas que se cociñaban alimentos cada día máis escasos e difíciles de conseguir. Non tardou en aparecer o canibalismo. Un medo que levou á destrución do mundo avanzou como unha lava sen freo, e os enfermos foron executados en masa por gavelas de asasinados armados, que, ao seu tempo, eran rematados polos seus compañeiros cando enfermaban. Algúns dos que sobreviviron, porque liscaron a tempo das cidades, coma os meus pais, encamiñáronse ao norte, ás chairas, aos desertos, ás montañas. Buscaban territorios onde non chegara o andazo. Moitos destes morreron de penalidades, foron incapaces de adaptarse ás novas condicións de vida naquelas terras frías, duras, secas, onde non había nada, nin cascudas nin raíces comestibles que botarse ao bandullo. Apareceron os cazadores que se alimentaban de humanos, e para sobrevivir houbo que cazalos a eles. Meu pai aseguroume que el nunca comera carne humana, pero sei que mentía, se non o fixese eu non estaría aquí, falando con vostede. Miña familia fuxiu da cidade cando eu tiña oito anos, crieime nun campamento nómade que recorría aldeas arrasadas apañando o que nos servise para continuar vivos. Logramos, co paso do tempo, organizarnos; temos xefes, armas, recuperamos teléfonos que comunican por satélite, conseguimos electricidade, un correo electrónico que envía textos cando lle peta e vehículos para viaxar. Algunhas familias exploradoras viñemos instalarnos máis ao norte dos desertos. Vivimos en camións caravanas nas pistas dun aeroporto a tres mil quilómetros de aquí; dende hai anos non hai enfermos entre nós, e aínda que non sabemos o que

pasa no sur, que permanece illado e en cuarentena, segue chegando xente contaxiada á fronteira aos que hai que matar. Eu son membro dunha patrulla, levo vinte días de viaxe; exploramos as vilas, buscamos a persoas como vostede, e había anos que non atopabamos a ningunha. Estabamos case seguros que se extinguiran; trabucámonos, verdade? Persoas que ficaron illadas, incontaminadas, que non perderon a linguaxe e coñecen o nome de cada cousa, dos animais, das árbores, do que nace da terra e agroma nas pólas, do que voa e do que cava, dos regatos e dos peixes que nadan neles, das aves que aniñan nos cumios. Vostede pode ensinarnos para que sirva cada ferramenta, como se fabrican e cal é o seu nome. Nós non sabemos nada da terra, vostede é o derradeiros tesouro do seu mundo, unha alfaia para o futuro dos nosos fillos.

A muller riu pola comparanza, raio de rapaz, unha alfaia de cincuenta anos, terían que gardala nunha vitrina, como se atrevía a falarlle así. Saíulle do peito unha gargallada de alegría, quería apertar a aquel rapaz, e non polo que lle oíra, que lle pareceu a historia dun conto para nenos, unha fábula inventada, senón por estar alí con ela, por vir visitala, por facer da vila un lugar habitable. Pasoulle a palma da man pola meixela e díxollo.

- Non te preocupes, fillo, todo vai saír ben.

O home ergueuse, colleu un vaso foi onde un caldeiro con auga, encheuno e bebeu. A muller peiteaba os cabelos brancos cos dedos, colocaba unhas guedellas que lle acaían por riba das orellas.

- Mañá terá que vir comigo para o noso campamento. Darei aviso por teléfono que regresamos - anuncioulle el -, teño orde de levala -. Ela levantou a cara e consolouno cunha expresión de bondade infinda -. Debería preparar a equipaxe – avisouna -, a viaxe vai ser longa e dura, sairemos cedo.

A muller pediulle axuda para abrir unha cama que había dentro do armario; as pezas metálicas renxeron cando turraron dela; colocoulle sabas e uns cobertores por riba.

- Podes durmir aquí - sinaloulle o leito -, eu case non durmo, vou ler un chisco e logo preparei as cousas que ei levar.

Foi onde a butaca, sentouse, colleu unha caixa de madeira, sacou un sobre aberto do que tirou unha carta, despregouna e púxose a ler. Cada día que pasaba cansáballe máis ler, próianlle os ollos, e escorregáronlle unhas bágoas pola cara. O home case non se espriu, so se descalzou enchendo a cociña dun fedor agre, logo debruzouse na cama, envurullouse nos cobertores e ficou durmido. Oíuno roncar axiña. Mentres lía os cans comezaron a ladrar, mais iso non espertou ao home, que roncaba con máis forza. Oíu aos cans moverse nerviosos doutro lado da porta, seguramente ventaban lobos preto da casa. Ergueuse, camiñou deica a porta e botou man da escopeta. Sempre estaba cargada. Apuntou contra a cabeza do home e disparou, a cara, o pelo, o cerebro, todo ficou convertido nunha masa de sangue que enchoupou a cama. O eco do disparo resoou polas rúas como un galope; repetiu o disparo colocando o canón do arma enriba do peito do home; abriu a escopeta e cargouna, volveu pendurala detrás da porta. Os cans agora ladraban con furia. Sentou de novo na butaca, colleu a carta entre as mans e continuou lendo. Era unha carta da súa irmá Dolores. Alguén que ela non chegou ver introducira o sobre por debaixo da porta da casa catro anos despois de que Dolores desaparecese.

“Querida Clara, escribira Dolores, un viaxeiro que vai intentar fuxir cara o norte levarache esta carta; non sei se chegará vivo, se atopará a vila, se ti aínda vives. Desaparecín porque me secuestraron un grupo de homes armados que se fan chamar exploradores para traerme a unha das cidades do sur, ao inferno. Non lles falei de ti, so berrei e chorei durante días sen parar. Nas cidades do sur está a acontecer algo insólito, a xente esquecese de falar, están perdendo a fala. As palabras pasaron a ser a sombra dunha luz que se apaga sen remedio, que vai perdendo brillo co paso dos anos. A lumieira que son as palabras cando están cargadas coa enerxía que fai avanzar os soños só é un triste reflexo aquí. Culpan a un virus, máis doume conta que son as cidades as que enfermaron, e a lingua esmorece, converténdose nunha xerga

inintelixible. Máis adiante, os habitantes enmudecen de puro esquecemento, e non tardan en morrer. Eu non sabía que querían de min, pero os que me trouxeron dixéronme que tiña que falarlles aos que aínda podían escoitar, coidaban que así, se lles falaba alguén non urbano e non contaminado conseguirían reverter, como unha maxia, o andazo. Asegúroche que non é un conto. Leváronme por prazas, teatros, descampados que non tiñan fin; tan atuídos de persoas que non se miraba o chan, a maioría deles moi enfermos. Tiñamos que convencelos que non se rendesen, que se esforzasen en lembrar. Eu non sabía que dicirlles, do que lles podía falar, pero intenteino; describinlles a nosa vida, mira ti, a da vila. Conteilles das casas e dos nomes que nos identificaban; dos nosos pais, que eu lembraba sempre mozos, berrei por eles, por se estaban alí, no medio dos milleiros de enmudecidos, máis ninguén respondeu nunca.

Non conseguimos sandar a ningún, soamente, os que podían, choraban. Fomos unha vacina, un experimento, sen éxito. Os días logo se converteron en meses e en anos. Faleilles, a coñecidos e a descoñecidos, en lugares cada vez máis reducidos, escuros e recónditos, dos segredos das árbores, dos xogos que inventamos entre os amieiros do río. Imitei a chamada do cuco, os cantos dos paporroibos, os ecos das valgadas e cociñei con palabras os soños luminosos dos morcegos. Chegou un intre que xa non aturei máis. Rendinme e desenleei, desta vez para min como despedida, os labirintos emocionais dunha rapaza solitaria que lle escribía un correo a unha irmá que perdera para confesarlle que a quería. Contáballe da forza do aire, lembráballe os sons dos ríos mergullados, a música dos mundos cósmicos que se moven á velocidade dun baile de xiros vertixinosos, un baile envolto en grilandas de flores no cuarto compartido na casa que vivía aquela irmá soñada. Era a carta imposible que eu devecía recibir de ti. Decátaste? A sen fin repetición durante meses das historias acabou por me facer confundir os relatos, nos que se empezaron a enredar as cronoloxías cos acontecementos, os vivos cos mortos, os soños coas vixilias. Asustada e resignada descubrín que as miñas historias comezaran a morrer, que eu

estaba contaxiada, enferma. Sei de certo como vai ser o meu final, alégrome porque porá remate a esta sombría existencia. Con certeza non nos imos volver ver, iso entristéceme máis ca miña enfermidade, cá desaparición inevitable. As palabras foxen rapidamente de min, déixanme orfa de min mesma. Quero pensar que sucede non por mor dun virus que me esmigalla os miolos, senón porque decidiron sen máis marchar, que cansaron deste meu monólogo aluado de anos. Se vives, e chegas a ler esta carta, teste que manter o máis arredada que poidas dos refuxiados das cidades; non hai curación aquí, en ningures, todos portan a enfermidade.

Compartindo a súa vida entendín o caos que atopamos na vila grande dos mercados e as ganas de morrer da muller entolecida do almacén; son as que comparto eu agora mesmo. Sinto o medo que me rodea; o pánico da xente por recuperar un fío de voz, por débil que este sexa, que os inmunicie e protexa do rumor vougo que escoitan ao pé do acantilado. Pronto serei un cadáver sen historia, e desaparecerei baixo unha montaña de outros mortos sen historia. Non me importa, non podería vivir sen poder contarme, relatarme; logo non serei nada, unha lembranza imaxinada por ti se aínda estás viva. Quérote. Dolores.”

A muller encartou a folla da carta da súa irmá, gardouna no sobre e este na caixa. Ficou sentada, sen durmir, ollando o lume que ardía. Pola mañá, arrastraría ao home fóra da casa, deixaríao enriba das lousas do eirado e prenderíalle lume á camioneta. Logo, cando chegase a noite e se recluíse no recanto da lareira, a carón do forno, sentada na mesma butaca na que se atopaba agora, había escoitar aos lobos devorar o corpo do habitante dun mundo que para ela xa deixara de existir había moito tempo.

ECO DE AFASIA. Xaime Toxo.